La Voz de Galicia
HEMEROTECA
lavozdegalicia.es

EL TIEMPO
Predicción para 8 días
Consulta el tiempo en tu ciudad

SERVICIOS
Noticias escritorio
Titulares RSS
Alertas al móvil

ANUNCIOS POR PALABRAS

Contrate aquí los
**Anuncios breves**
de La Voz de








*A CORUÑA*

# O Concello recolleu e catalogou 5.486 topónimos e microtopónimos do municipio

**(la voz | a coruña)**

O Concello de Arteixo desenrolou un proxecto que permitiu recoller e catalogar caseque todos os topónimos e microtopónimos do municipio, arredor de 5.486.

Ademais, os técnicos, dirixidos por María Rozamontes, recuperaron o patrimonio etnográfico, arqueolóxico, artístico, histórico e as infraestruturas. En canto a este último apartado, inclúense os camiños tradicionais, as pistas, así como os edificios públicos, como por exemplo, colexios, edificios administrativos ou instalacións deportivas. O plan deseñado polo Concello, tamén permitiu os técnicos a catalogación toponímica do polígono industrial de Sabón, as dos encoros do Rexedoiro e do de Meicende, así como das instalacións da refinería de Repsol YPF.

Tanto o alcalde, Manuel Pose Miñones, como María Rozamontes puxeron de relevo o valor que se transmite a través deste proxecto. Consideran que esta iniciativa permite avanzar conxugando tradición e modernidade.

Para a técnica de normalización lingüística do Concello, Rozamontes, a toponimia «constitúe o patrimonio inmaterial dunha comunidade». De ahí, manifestou María Rozamontes que non sempre resulte evidente para todos «o seu valor, así como a necesidade de velar pola súa

conservación.

Indicou que para poder levar adiante o plan realizáronse consultas os veciños máis vellos do Concello, «a máis de duascentas persoas do municipio». O proxecto permanecerá exposto no Centro Cívico dende onte ata o 4 de novembro. Tamén recorrerá todas as parroquias de Arteixo.

Tarifas publicitarias

**Publicidad:** publicidad@lavozdegalicia.es

**Contacte con nosotros:** web@lavozdegalicia.es

**© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.**

Avenida da Prensa, parcelas 84 y 85
Polígono industrial de Sabón. 15142 Arteixo (A Coruña)

*Auditado por*

RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177